



Expediente núm.: 60/2020

Providencia de Alcaldía

Procedemento: Contratación Brigadas incendios

DECRETO DE ALDALDÍA

Primeiro.- Visto o Decreto de Alcaldía 2020-119, do trece de xullo de dous mil vinte, polo que se aproba a relación dos aspirantes admitidos De conformidade co disposto nas bases reguladoras que rexerán a selección e contratación de persoal de brigada de incendios e motobomba, laboral temporal, ao abeiro do convenio suscrito entre o Concello de As Nogais e a Consellería de Medio Rural, da Xunta de Galicia, para levar a cabo accións de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2020, por un período de tres meses, de acordo coa acta do tribunal de selección.

Segundo.- Visto o escrito de renuncia ao posto de condutor de motobomba presentado por don Manuel Antonio Lama País, con DNI 78797753-Y, no rexistro xeral do Concello de As Nogais con data catorce de xullo de dous mil vinte, nº 2020-E-RC-337,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a proposta do Tribunal respecto á contratación do primeiro suplente do posto de condutor de motobomba, resultando o seguinte candidato:

Otero Torneiro, Iván, con DNI ***5087**

Segundo.- Publicar a presente Resolución na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao proposto para a formalización de contrato, requiríndolle a documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Cuarto.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade regulada polo texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

En As Nogais, na data da sinatura ao marxe

O Alcalde-Presidente,

Jesús Manuel Núñez Díaz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Contra a presente resolución procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación, sen prexuízo de que os interesados





podan exercitar calquera outro que estime oportuno. No caso de interpor recurso de reposición, non se pode interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso interposto.

